

SOMOS DE



**UNIDAD PROGRESISTA
DA ONCE**



**XII Eleccións a Consellos Territoriais
e Consello Xeral da ONCE**

1 • DECEMBRO • 2022

**PROGRAMA ELECTORAL
VERSIÓN REDUCIDA**



O XI Congreso de Unidad Progresista da ONCE (UP), aprobou o pasado 9 de outubro os 7 documentos que conteñen as principais liñas programáticas e eixos estratéxicos que conforman o noso Programa Electoral. Trátase de compromisos concretos, medibles, valentes e aliñados coa nosa realidade e a contorna que nos rodea, cuxo fin último é garantir a solidez institucional e económica do noso Grupo Social ONCE, apostando sen titubeos por unha defensa dun modelo, o noso, impulsor constante de transformación social.

Aínda que, coidamos que o noso Programa Electoral sexa manexable para todos os electores e electoras, co fin de facilitar o coñecemento dos compromisos máis significativos que UP adquire con todas as persoas afiliadas á ONCE, preséntanse nestas liñas aqueles retos que, ou ben por tratarse de cuestións novas e innovadoras, ou polo seu maior peso específico, marcan a senda para as nosas futuras liñas de actuación.

En UP comprometémonos a concorrer a todas as eleccións a Consello Xeral e Consellos Territoriais convocadas pola ONCE, co firme obxectivo de gañalas para implementar o noso programa electoral.

A nosa acción levarase a cabo mediante o fomento da participación e escoita activa á nosa base asociativa, outorgando, como parte indisoluble do noso proxecto, un papel relevante ás nosas seccións de seniors (SUPO) e persoas mozas (JUP), xunto á inestimable achega das persoas simpatizantes.

Seremos altofalante de todos os colectivos que integran a nosa Asociación, apostando pola igualdade de oportunidades e o respecto absoluto pola pluralidade de realidades.

ESTRATEGIA DO GRUPO SOCIAL ONCE

● Xogando ao ataque

En UP comprometémonos a:

1 • Defender o actual modelo do Grupo Social ONCE como organización de persoas cegas e para persoas cegas, solidaria con todas as persoas con discapacidade. A comunicación será unha ferramenta primordial na defensa do noso modelo social e solidario para reafirmar o seu coñecemento e respaldo por parte da cidadanía. Intensificaremos as mensaxes que nos afiancen como actor imprescindible no espectro socioeconómico e gran xerador de impacto social.

2 • Promover no Grupo Social ONCE unha xestión que sempre vaia inspirada na igualdade de oportunidades, a diversidade, a inclusión, a innovación, a transformación e a sustentabilidade.

3 • Levar a cabo todas as medidas de discriminación positiva necesarias para preservar a igualdade de oportunidades das persoas con cegueira total no seo do Grupo Social ONCE e da sociedade en xeral.

4 • Impulsar as accións necesarias para que o Grupo Social ONCE siga sendo o maior apoio das persoas xordocegas en España e liderar a defensa dos seus dereitos.

5 • Garantir que o Consello Xeral siga sendo o máximo órgano de goberno, de representación, de impulso de políticas transversais, de coordinación e de control eficaz do Grupo Social ONCE. A Presidencia do Consello Xeral seguirá ostentando a máxima representación e referencia institucional, coordinará e impulsará ao equipo da alta dirección en razón aos seus ámbitos de responsabilidade.

6 • Asegurar o papel de máximos representantes das persoas afiliadas dos Consellos Territoriais. Os órganos de representación terán unha función destacada na execución do Plan ONCERCA, que en calquera caso continuará sendo, un programa prioritario impulsado

polo Consello Xeral e desenvolvido coa participación dos equipos de representación e de xestión, entre outros.


7 • Diseñar e poñer en marcha programas específicos para atender as necesidades das persoas con cegueira solicitantes de asilo en España, en coordinación coas institucións e organizacións sociais.

8 • Convidar, no seguinte mandato, ás asociacións e agrupacións electorais que obteñan representación nas eleccións ao Consello Xeral e Consellos Territoriais da ONCE e aos representantes lexitimamente elixidos polos seus traballadores, a promover xuntos un Pacto polo Xogo Legal e Responsable. Así mesmo, velarase pola visibilización, ante a sociedade e as institucións, do carácter responsable, seguro, social e solidario dos nosos xogos.

9 • Defender e poñer en valor o noso bastón branco, o noso ONCELIO, o braille, a nosa rede de vendas, os nosos quioscos e os nosos cans guía, verdadeiros símbolos de identidade que a sociedade reconece, relaciona e asocia cos 84 anos de traballo da ONCE.

10 • Potenciar a nosa imaxe de marca, unha imaxe que nos permita captar o mellor talento das persoas con cegueira, con discapacidade e sen ela, atraéndoo cara a un proxecto social e sostible, impregnado dos valores que nos identifican. A marca Grupo Social ONCE reafirmarase como garante da sustentabilidade da Institución e constituirá un valor estratéxico para a consolidación do seu posicionamento institucional.

11 • Crear nos próximos catro anos, polo menos, 10.000 postos de traballo para persoas con discapacidade e a formar, polo menos, a 40.000 persoas con discapacidade, incluíndo aquí tanto o emprego interno como o noso apoio para a creación de emprego e formación para persoas con discapacidade en entidades externas ao Grupo Social ONCE. Nesa liña, UP comprométese a que o Grupo Social ONCE alcance canto antes a cifra de 75.000 persoas en cadro de persoal, facendo especial fincapé no emprego sostible e de calidade.



12 • Diseñar e poñer en marcha un novo programa Proxecta e/ou outros análogos que se puidesen propor para a globalidade do Grupo Social ONCE, adaptado ás necesidades de talento de cada área executiva e que incorpore os elementos de coñecemento e cohesión institucional que conforman os piares do Grupo Social ONCE.

13 • Manter nas tres áreas do Grupo Social ONCE a presenza paritaria de mulleres e homes en postos de responsabilidade de xestión, co obxectivo claro de alcanzala tamén en postos de dirección.

14 • Impulsar, sen menoscabo das responsabilidades dos poderes públicos, a creación dunha fundación que teña como misión constituírse en centro de coñecemento, así como en promotor da investigación e da atención ás persoas con baixa visión, que se sitúen fóra do alcance das prestacións para as persoas afiliadas á ONCE, poñendo en valor os nosos coñecementos e o labor social que desenvolvemos na atención a persoas con cegueira e con deficiencia visual grave.

15 • Reivindicar dos poderes públicos competentes a adecuada atención, en igualdade de oportunidades, para as persoas afiliadas en particular, e con discapacidade en xeral no relativo á provisión de recursos sanitarios de protección da saúde mental e promover mecanismos de vixilancia da calidade da mesma en canto ás persoas afiliadas da ONCE e aos traballadores do Grupo Social ONCE.

16 • Actualizar dinamicamente a estratexia internacional do Grupo Social ONCE, que enmarca todas as accións de presenza internacional do Grupo e que permitirá avanzar na súa internacionalización responsable e prudente. UP comprométese a potenciar a cultura internacional no Grupo Social ONCE, nas nosas actuacións institucionais, sociais, de xogo e empresariais. Seguiremos profundando no noso compromiso coas persoas cegas de América Latina a través da Fundación ONCE para a Cooperación con América Latina (FOAL).

OS SERVIZOS SOCIAIS DA ONCE

● Máis preto de ti

En UP comprometémonos a:

17 • Revisar e actualizar o modelo de Servizos Sociais co fin de analizar as novas necesidades da discapacidade visual que van xurdindo. Impulsaranse todas as accións necesarias para detectar as necesidades de información e difusión, achegamento e motivación para que a totalidade das persoas afiliadas á ONCE coñezan os servizos que presta a nosa Institución, logrando que máis do 60% do censo de persoas afiliadas e do 70% do colectivo de persoas xordocegas, gocen dos nosos Servizos Sociais. Para iso, o Plan ONCERCA seguiranos axudando na consecución destes importantes obxectivos institucionais.

18 • Actualizar e evolucionar o modelo educativo da ONCE, promovendo a inclusión do alumnado e o seu desenvolvemento global, consolidando o funcionamento en rede e incidindo na autonomía persoal; as habilidades sociais; a tecnoloxía accesible; a orientación académica e laboral; o lecer, deporte, recreo e tempo libre; a atención familiar, etc.; reforzando, igualmente, a formación dos profesionais dos nosos equipos.

19 • Perseguir tenazmente a consolidación da Axenda Social (como panca de propostas e reivindicacións para protexer os dereitos



das persoas con cegueira e deficiencia visual grave), como ferramenta imprescindible para o desenvolvemento de novas solucións tecnolóxicas, que faciliten a inclusión das persoas afiliadas nas diferentes áreas e ámbitos, así como no acceso aos distintos servizos que presta a ONCE, atendendo ás novas necesidades que se identifiquen.

O braille, dentro da Axenda Social, ten un papel destacado e, sen ningunha dúbida, seguiremos empuxando e impulsando o braille como código de lecto-escritura das persoas cegas.

20 • Apostar decididamente polas figuras de Referentes Maiores e xoves Estatais e Territoriais como vehículos de comunicación con estes dous importantes colectivos de atención. Reforzaremos a súa presenza institucional e revisaremos as súas competencias, tanto a nivel estatal como territorial. Desde UP redobraremos esforzos para loitar contra a “soidade non desexada”.

21 • Ampliar a capacidade produtiva e mellorar os procesos da Fundación ONCE del Perro Guía, para contar cos recursos que, de modo paulatino e a medio e longo prazo, permitan chegar a entregar polo menos 200 cans guía anuais, a partir do último ano de mandato, sen renunciar aos niveis de calidade das unidades que entregamos.

XOGO ● Ben xogado

En UP comprometémonos a:

22 • Garantir que a estratexia de marca e comunicación resaltará o papel da ONCE como operador de lotería de carácter responsable, segura e social, sendo estes os seus atributos diferenciadores no mercado.

23 • Seguir traballando na mellora continua da experiencia de cliente, co obxectivo de crear unha relación máis próxima, directa e persoal. Independentemente da renovación dos elementos dotacionais do vendedor, avanzarse na dixitalización co máximo respecto ás canles presenciais. Progresarse no desenvolvemento da nova estratexia de fidelización, para xerar unha conexión máis sólida cos nosos clientes. Revisaranse os produtos para dotalos dun maior atractivo e valor engadido, estudando a posibilidade de aplicar

mecánicas de participación máis interesantes que contribúan ao achegamento do público obxectivo. Perseguirase atraer novos compradores.

24 • Avanzar na consolidación de todas as ferramentas e formatos de traballo accesibles facilitados á rede de vendas para seguir evolucionando na profesionalización e motivación do vendedor, con especial atención ás diferentes idiosincrasias dos perfís da nosa rede de vendas e, de forma particular, ás persoas cegas totais ou sen resto visual funcional. Dada a especialización na área de Xogo, faise necesario avanzar na procura, detección, fomento e creación de talento.

25 • Apostar por manternos á vangarda tecnolóxica en todos os nosos procesos operativos e loxísticos, e desenvolver novas fórmulas facilitando as tarefas diarias dos nosos vendedores e vendedoras, co firme obxectivo e compromiso de prestar un mellor servizo e máis seguro a todas as canles de venda, poñendo especial énfase na canle principal.

Os conceptos máis avanzados, tales como robotización, intelixencia artificial ou industria 4.0, adáptanse perfectamente, tanto á fabricación dos nosos produtos como á loxística e ao soporte ás canles de venda, polo que continuaremos polo camiño xa emprendido para estar sempre nos maiores niveis do seu desenvolvemento e aplicación a fin de manter un nivel óptimo en canto a seguridade, rastrexabilidade, rendemento, produtividade e eficiencia.

26 • Perseguir o mantemento da nosa liña de obtención de recursos netos pola venda dos nosos produtos de lotería e doutros produtos ou servizos complementarios, a fin de poder garantir os fins sociais da ONCE, avanzando na optimización de todos os recursos.





ORGANIZACIÓN, CAPITAL HUMANO, XESTIÓN ECONÓMICA E DE RECURSOS ● Bo traballo

En UP comprometémonos a:

27 • Incluír nos nosos principios de xestión a sustentabilidade e respecto ao medio ambiente, garantindo a viabilidade a longo prazo do noso modelo económico e social e o mantemento dos postos de traballo; a innovación, para potenciar a evolución a través da tecnoloxía, e a mellora dos procesos e a diversidade xeracional, cultural, non visible, etc. Promoveremos a inclusión das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e o crecemento da Institución.

Seguiremos traballando pola integración da RSC na estratexia da Organización, incorporando criterios ambientais, sociais e de bo goberno nas súas decisións. Desenvolveremos unha xestión económica, prudente e flexible, garantindo a adaptación da Organización aos diferentes escenarios económicos e apostando pola planificación estratéxica.

28 • Realizar un Plan Estratéxico para a xestión do capital humano, que definirá a estrutura da Dirección de Recursos Humanos, as súas políticas, os seus obxectivos e as medidas de transformación dixital. Apostaremos por unha mellora dos procesos de captación de talento, para o que revisaremos o procedemento de cobertura de vacantes para facelo máis áxil e eficaz. Elaboraremos un mapa de competencias por postos ou grupos de postos, e desenvolveremos plans de selección en función destes. Estableceremos un Plan no que se detallen as necesidades de persoal para o próximo mandato. Apostaremos polo traballo por obxectivos,



o desenvolvemento profesional e a promoción de todo o persoal nun clima de traballo motivador. Apostaremos pola maior flexibilidade e pola promoción da contratación indefinida para o colectivo de traballadores en xeral, e en particular para as persoas afiliadas.

29 • Garantir que a ONCE siga optimizando os seus plans de formación dirixidos aos traballadores e traballadoras, así como mantendo as axudas e permisos individuais de formación, como vías complementarias para o perfeccionamento de coñecementos e o desenvolvemento persoal. Seguiremos apostando por actualizar a formación do persoal vendedor, tanto nos cursos de inicio como os de pase a sénior, e fomentaremos a formación voluntaria en diversas cuestións para todo o persoal.

30 • Seguir actualizando a tecnoloxía na nosa Institución para facernos máis eficaces e eficientes, coa máxima accesibilidade e usabilidade, garantindo un forte investimento en ciberseguridade e desenvolvendo os procesos de dixitalización, robotización e analítica de datos. Perseguindo entre outros, o obxectivo de oficina sen papeis e evitar tarefas repetitivas.

31 • Impulsar un plan de mellora e homoxeneización de imaxe de todas as dependencias do Grupo Social ONCE, garantindo a súa accesibilidade, tanto física como sensorial. Ademais, continuaremos coa modernización das nosas infraestruturas para adaptalas ás necesidades e requirimentos actuais, incluíndo o noso parque de quioscos e stands e tamén os nosos expositores.



ILUNION

● Innovando para multiplicar

En UP comprometémonos a:

32 • Situar en todo momento aos nosos equipos e clientes no centro de todo o que fagamos, mostrando proximidade e confianza. Lograr unha óptima experiencia tanto de empregado como de cliente será clave no novo impulso que lle queremos dar ao grupo empresarial; “Empregados felices, Clientes felices, resultados óptimos”. Temos o dobre obxectivo de lograr que a nosa xente senta a sorte que ten de traballar nun grupo empresarial moi singular, nunha organización única e que cada día máis talento externo nos elixa polo que facemos, por como o facemos e por que o facemos. O noso obxectivo, o noso gran reto, é ser “o mellor grupo para traballar en España”. Durante os próximos anos traballaremos para conseguir unha certificación externa que así o acredite.

33 • Continuar traballando para crear emprego de calidade para persoas afiliadas á ONCE en particular, e con discapacidade en xeral. Tendo sempre presente esta prioridade, ampliaremos tamén o noso foco a outros colectivos vulnerables: mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración, persoas en risco de exclusión social, refuxiados e maiores, entre outros.

34 • Realizar un seguimento personalizado dos nosos afiliados para facilitar e garantir a súa adaptación ao posto e un desenvolvemento profesional adecuado á súa formación, condición e capacidade. Sen dúbida, iso contribuirá ademais a xerar un gran orgullo de pertenza a ILUNION e ao Grupo Social ONCE.

35 • Facer todo o que estea nas nosas mans para “conectar” con todos os que formamos o noso gran grupo empresarial, para lograr multiplicar o noso sentimento de pertenza a ILUNION e ao Grupo Social ONCE. Unha maior presenza territorial, en todos os nosos centros de traballo e un liderado cada día máis próximo coa nosa xente axudaranos a conseguilo.

36 • Recoñecer que a transformación corporativa empeza por un mesmo, xa non é unha opción, é unha obriga. A intelixencia artificial, a automatización de procesos, o traballo colaborativo e por proxectos, a flexibilidade organizacional e as novas metodoloxías permitirannos ser máis áxiles, máis eficientes e optimizar o talento e o saber facer da nosa xente.

37 • Apostar de maneira decidida e rigorosa polo noso crecemento, orgánico e inorgánico, tanto nacional como internacional, nos sectores nos que actualmente estamos presentes ou noutros novos que podamos identificar. Entre outros, prestaremos especial atención aos sectores relacionados coa atención a persoas maiores, accesibilidade, formación e economía circular. As operacións corporativas de investimento e desinversión estarán sempre na nosa folla de roteiro para consolidar e facer crecer a nosa carteira.



FUNDACIÓN ONCE

● A casa da discapacidade

En UP comprometémonos a:

38 • Despregar unha estratexia activa, comprometida, eficiente e ambiciosa co fin de manernos como entidade relevante na xestión de fondos europeos, xa sexa por si mesma e/ou en alianzas, mediante iniciativas identificables, notorias, innovadoras e con enorme carga transformadora nos ámbitos da discapacidade e do social.

39 • Dar maior cobertura ás discapacidades sobrevidas e ás emerxentes, así como ás de maior incidencia como a psicosocial (saúde mental) e tamén ás máis severas. Do mesmo xeito, abordaremos a interseccionalidade da discapacidade con outros parámetros de exclusión que tamén provocan situacións de especial vulnerabilidade por razón de idade, xénero, territorio, ou outros motivos como a pobreza, con especial mención ás derivadas da violencia de xénero.

40 • Garantir o cumprimento dos compromisos de xeración de emprego (25.000 empregos e 100.000 accións formativas) derivados do Acordo 2022-2031 entre o Goberno da Nación e a ONCE, prestando especial atención ao talento novo, á atención, formación e emprego de mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas con discapacidade psicosocial (saúde mental), así como á xeración de empregos verdes e os relacionados con tecnoloxía e ciencia.

41 • Establecer unha estratexia que favoreza o acceso ao Emprego Público das persoas con discapacidade, mediante o asesoramento




e a realización de accións conxuntas con administracións públicas, así como, coa convocatoria de axudas e bolsas promovidas por Fundación ONCE.

42 • Converternos en foco de atracción de talento canalizándoo cara á innovación e o investimento social, para que esta sexa dixital e teña no centro ás persoas, co fin de que a transformación sexa accesible e chegue a todos por igual. Para iso, será moi relevante facer da Fundación ONCE un referente na chamada “Intelixencia Artificial para o ben social” coa finalidade de captar o talento necesario para desenvolver os proxectos de innovación dixital que favorezan ás persoas con discapacidade e a outros colectivos vulnerables. Impulsaremos as alertas necesarias para que os desenvolvementos baseados en intelixencia artificial garantan a non discriminación.

43 • Traballar co CERMI e o movemento asociativo co obxectivo conxunto de reducir a fenda dixital que nos últimos tempos se impuxo nas Administracións Públicas, nos bancos e demais entidades, excluindo a unha gran parte do colectivo de persoas con discapacidade. Seguiremos reivindicando o dereito a unha atención presencial e personalizada.

44 • Marcar un obxectivo ambicioso de benestar e equilibrio emocional do noso persoal aliñado coas directrices da Unión Europea e a propia Organización Mundial da Saúde (OMS), para lograr un ecosistema interno saudable, que dea resposta ao incremento das patoloxías relacionadas coa saúde mental, e que poida inspirar prácticas de éxito para o Grupo Social ONCE e empresas ou entidades externas.



En conclusión, estamos diante dunha aposta decidida polas persoas, por todas as persoas e de forma concreta polas persoas cegas e con outra discapacidade do noso país.

É un exercicio sincero e transparente que compromete ás persoas de UP cun proxecto que garanta a estabilidade institucional do Grupo Social ONCE e que promova sen desánimo a mellora de vida dos colectivos que o teñen máis complicado. É un contrato social coa sociedade española, unha forma plural e democrática de impulsar avances nos dereitos e as oportunidades dos afiliados á ONCE. Unha proba clara do compromiso de UP e do Grupo Social ONCE coa contorna social, co movemento da discapacidade, co Terceiro Sector e coa economía social. En definitiva, o programa electoral de UP é o que se merecen as persoas afiliadas, as persoas con discapacidade e a cidadanía en xeral do noso país. É a expresión máis evidente do que somos e do que xeramos.

Somos de UP e xeramos igualdade de oportunidades.

 **VOTA UP**

SOMOS
DE



UNIDAD PROGRESISTA
DA ONCE

Se desexas coñecer o Programa completo de UP, podes consultalo en:
www.unidadprogresista.org